

Estimados pais / nais:

**Diante da inminente chegada das festas de Nadal e Reis, o Departamento de Normalización Lingüística quere poñer nas súas mans, como en anos anteriores, unha pequena lista de libros axeitados á idade do seu fillo, para que vostedes ou Os Reis agasallen @s nen@s con algún.**

Lembrámoslles de novo que a lectura é unha fonte de información e de pracer, e que tódolos pais e nais deberían fomentala entre os seus cativ@s.

Tamén lles recordamos que nestas primeiras idades é importantísimo ler con eles e comentar as lecturas de tal xeito que os libros sexan un intermediario nas relacións familiares, un motivo para coñecerse e intercambiar opinións.


@s nen@s aos que lles contan ou len contos descubrirán que ese momento de pracer está relacionado co libro.

Se fomentamos que @s cativ@s vaian creando e aumentando a súa biblioteca persoal, a animación á lectura terá máis posibilidades de ser efectiva.

Se comentamos e valoramos con eles as historias, os seus gustos literarios iranse formando nas súas mentes.

*Aproveitamos a ocasión para desexarlles unhas felices festas e un bo ano 2015.*

# NADAL 14



## Libros con agarimo

### 1º CICLO

DEPARTAMENTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
C.E.I.P. DE PETELOS

B  
O  
N  
A  
D  
A  
L  
!!  
B  
O  
N  
A  
D  
A  
L  
!!  
B  
O  
N  
A  
D  
A  
L  
!!




Título: Inventario de animais con cola  
Autor: Virginie Aladjidi  
FactoríaK  
ISBN: 978-84-15250-76-0

A cola destes animais é máis importante do que parece e este álbum descúbrenos as formas, cores e funcións deste curioso apéndice en especies de todo o mundo.



Ollos de cereixa, pel de pexego, nariz de amorodo... Misteriosa viaxe para unha araña exploradora. Un achegamento visual e poético pola xeografía do corpo humano.


Título: A araña e mais eu  
Autor: Fran Alonso  
Kalandraka Editora  
ISBN: 978-84-8464-534-4



Por fin o alquimista Brisgovius deu coa apócema máxica. Xa ten lista a beberaxe que fará da malvada Demoneta un ser invencible capaz de voar e de cuspir lume pola boca. Demoneta transformárase en Dragoneta, e ninguén no mundo estará a salvo! Que vai ser agora de todos nós?


Título: Marcopola 2: Dragoneta!  
Autor Jacobo Fernández Serrano  
Editorial Xerais  
I.S.B.N.: 978-84-9914-669-0

Bufanda, medias, luvas e gorro para abrigarse ben no inverno. Coa la desta ovelliña protexerémonos do frío e recitaremos versos suaves e quentiños.



Título: Ovelliña, dáme-la  
Isabel Minhós Martins  
Kalandraka Editora  
ISBN: 978-84-8464-688-4

Camuflados na terra, na neve, no fondo mariño ou entre a vexetación. Así é como conseguen sobrevivir enganando os seus depredadores e as súas presas.



Título: Ocultos. Animais Extraordinarios  
Autor: Xulio Gutiérrez  
FactoríaK  
ISBN: 978-84-15250-41-8